

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 30 DE OUTUBRO DO 2025.

ASISTENTES:

Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Trinta de Outubro do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 23/10/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202510/367

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 25/10/2025. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ILUMINACIÓN DECORATIVA DE NADAL DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA O PERÍODO 2025/2026"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202510/389

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 27/10/2025. DECRETO: "FINALIZACIÓN DE LA NEGOCIACIÓN DEL CONTRATO DE SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMIENTO Y MOBILIARIO PARA LA DOTACIÓN DE LA VIVIENDA DE EMERGENCIA SOCIAL "A GARITA". FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA, NEXT GENERATION EU. SUBVENCIONES A AYUNTAMIENTOS PARA LA REHABILITACIÓN DE VIVIENDAS PARA PERSONAS SIN HOGAR. CUATRO LOTES"



4.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21407 08.09.2025 JUAN MIGUEL IGLESIAS GÓMEZ, peche de finca con alambrada, na Carretera Deán Grande, nº 5-B, Ribeira.

Asímesmo, se lle comunica que no informe emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 22/10/2025:

"Según el Artículo 89: Viario y alienacións..... Alienacións mínimas: Cando no figuren en los planos de ordenación serán las seguintes:

- Para vías de tipo I 10 m. o eixo.

- Para vías de tipo II 8 m. o eixo.

- Para vías de tipo III 6 m. o eixo.

- Para resto de vías 4 m. o eixo.

- Para camiños peonís 2 m. o eixo.

Estas alienacións tendrán carácter obrigatorio.

** Para calquera duda ou aclaración pódese poñer en contacto co servizo de urbanismo do concello, area delineación.*

**Según o Reglamento da lei do Solo no seu Artigo 60. Condicións de edificación...3. Os peches de fábrica non poderán exceder 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ó medio en que se sitúen.....As características concretas de revestimento, pintado ou outras condicións exixibles serán determinadas no planeamento respectivo.....Os peches realizados con material opaco poderanse realizar con materiais tradicionais do medio en que se empracen."*

5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

23903 24.09.2024 MARIA TERESA MUÑÍZ SOBRIDO, construción de galpón agrícola de 48,00 m2, no lugar de Sirves, 198, Olveira.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22473 18.09.2025 Mª ISABEL RICO GARCÍA, arranxo de acera existente e galpón, na rúa do Norte, nº 147, Palmeira.



7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19878 21.08.2025 COMUNIDAD PROPIETARIOS CAMPO DE MARTE 1, mantemento de cuberta-pintar aleros, na rúa Campo de Marte 1A, Ribeira.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19983 22.08.2025 ÁNGEL PÉREZ OUTEIRAL, mantemento de fachadas da vivenda, na rúa Remedios, nº 3, Ribeira.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

16156 01.07.2025 ÓSCAR CORRAL CASTRO, renovación de pavimento, no lugar de Martín, 77, Ribeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19607 18.08.2025 MARÍA FRANCISCA LUSTRES TORRADO, arreglo de tellado, na Travesía Padín, nº 10, Ribeira.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20005 25.08.2025 MARIA BENITA GAGO PAZ, reforma de tellado e pintado exterior, na rúa Cruceiro de Marcos, nº 10, Palmeira.



12.- ACORDO PARA ENGADIR COMO NOVO TITULAR Á LICENZA 43/24 A FAVOR DE D. JOSÉ BERNARDO PAZ CODESIDO - Sara Ruiz Valdés

VISTO o escrito presentado por **Dna. SARA RUIZ VALDÉS**, co **DNI nº ***831*****, rexistro de entrada nº 202525185, no que insta a engadir como novo titular á **licenza 43/24** a favor de **D.JOSÉ BERNARDO PAZ CODESIDO**, **DNI nº ***819*****, licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de 21 de novembro de 2024 para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta, no lugar de Frións 1-a, Carreira, Ribeira

CONSIDERANDO que conforme ao artigo 13 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, as licenzas ou autorizacións serán transmisibles, pero, o antigo e novo titular deberán comunicalo por escrito á Corporación, sen o cal quedarán ambos os suxeitos a todas as responsabilidades que se derivasen para o titular, é dicir, serán responsables solidarios dos danos que se deriven da súa actuación.

CONSIDERANDO que o Concello non concede o cambio de titularidade, senón que se limita a darse por decatado da comunicación feita polo cedente e o cesionario do título urbanístico, (neste caso, **tratase de engadir un novo titular ó xa existente**) único requisito esixido polo **artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.**

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo secretario xeral da corporación, de data 21/10/2025.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, e no exercizo das competencias conferidas pola Alcaldía a través de resolución de 20 de outubro de 2025, por unanimidade dos presentes,adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro:-Tomar razón da comunicación feita por Dna. SARA RUIZ VALDÉS, rexistro de entrada nº 202525185, no senso de **engadir como novo titular á licenza 43/24 a D. JOSÉ BERNARDO PAZ CODESIDO**, licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de 21 de novembro de 2024 para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta, no lugar de Frións 1-a, Carreira, Ribeira.

Segundo:-Os novos titulares da licenza 43/24 serán Dna. SARA RUIZ VALDÉS e D. JOSÉ BERNARDO PAZ CODESIDO.

Terceiro:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Josefa del Carmen Sampedro Paz

VISTO o expediente relativo á solicitude de **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE DISVISIÓN HORIZONTAL** para parcela con ref catastral **15074A02601028000KB**, Lugar de Trasporto, Polígono 26, Parcela 1028, Ribeira da que é promotora **Dna. JOSEFA DEL CARMEN SAMPEDRO PAZ**.

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal de data **23 de outubro de 2025** e

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **23 de outubro de 2025**,



EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- En relación á solicitude presentada por Dna. **Dna. JOSEFA DEL CARMEN SAMPEDRO PAZ** en relación coa parcela con ref catastral **15074A026010280000KB**, Lugar de Trasperto, Polígono 26, Parcela 1028, Ribeira, **DECLARAR QUE NON É NECESARIO O OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL PARA EFECTUAR A DIVISIÓN HORIZONTAL**

SEGUNDO:- NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

14.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Sergio Regueira Muñiz

VISTO o expediente relativo á solicitude de **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE DE SEGREGACIÓN** para parcela con ref catastral **15074A01000055**, Lugar Castro, Ribeira da que é promotor **D. SERGIO REGUEIRA MUÑIZ**.

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal de data **22 de outubro de 2025** no que literalmente se conclúe que:

As dúas porcións da parcela catastral 15074A01000055, segundo o indicado no artigo 150 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que indica que:

“Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos ficará suxeita a licenza municipal, salvo que o Concello declarase a súa innecesariedade.

Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.

c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe”

Neste caso, dado que a parcela de orixe conta con distinta cualificación do solo, sería innecesaria a licenza de segregación das porcións de parcela con diferente cualificación urbanística dentro da clasificación de solo de núcleo rural ca que contan: Solo de Núcleo Rural en áreas Medio Consolidadas (SNR-B), e Solo de Núcleo Rural Consolidado (SNR-A),

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **24 de outubro de 2025**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- En relación á solicitude presentada por **D. SERGIO REGUEIRA MUÑIZ**, para a parcela con ref catastral **15074A01000055**, Lugar de Castro (Ribeira), **DECLARAR QUE NON É NECESARIO O OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN**



SEGUNDO:- NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Noemí Souto Domínguez

VISTO o expediente relativo á solicitude de **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE DE SEGREGACIÓN AO RESPECTO DA FINCA LINDANTE** para parcelas con ref catastral **3849101NH0134N0001DI** e **3849117NH0134N0001GI**, Lugar de **Rúa Norte, Palmeira, Ribeira** da que é promotora **Dna. NOEMÍ SOUTO DOMÍNGUEZ**.

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal de data **22 de outubro de 2025** e

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **24 de outubro de 2025**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- Comunicar a **Dna. NOEMÍ SOUTO DOMÍNGUEZ (DNI 52933605W)** que:

-Urbanisticamente, a parcela con referencia catastral 3849117NH0134N0001G, encóntrase clasificada coma solo urbano, contando cunha porción de parcela clasificada coma solo urbano residencial media colectiva aliñada (Ordenanza 5), artigo 154 do PXOM, e outra porción de terreo, coma solo urbano dotacional de equipamentos de espazos verdes públicos (Ordenanza 8.1), artigo 159 do PXOM; a parcela ca referencia catastral 3849101NH0134N0001DI, encóntrase clasificada, integramente, coma solo urbano residencial media colectiva aliñada (Ordenanza 5), artigo 154 do PXOM, segundo consta no plano 3.1 do PXOM de clasificación e cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Palmeira) a escala 1/2.000.

-En canto ás dúas porcións da parcela 3849117NH0134N0001G, segundo o indicado no artigo 150 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

*“Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos fícará suxeita a licenza municipal, salvo que o Concello **declarase a súa innecesariedade**.*

Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.

c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe”

Neste caso, dado que a parcela de orixe conta con distinta cualificación do solo, **sería innecesaria a licenza de segregación das porcións de parcela con diferente cualificación urbanística** dentro da clasificación de solo urbano ca que contan: Solo urbano dotacional de equipamentos de espazos verdes públicos (Ordenanza 8.1) e Solo urbano residencial media colectiva aliñada (Ordenanza 5).

SEGUNDO:- NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.



16.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Luz García Negreira

VISTO o expediente relativo á solicitude de **DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN** para parcela con ref catastral **1028512NH0112N**, Lugar de Avda da Coruña, Ribeira da que é promotora **Dna. MARÍA LUZ GARCÍA NEGREIRA**.

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal de data **22 de outubro de 2025** e

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **24 de outubro de 2025**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- En relación á solicitude presentada por **Dna. MARÍA LUZ GARCÍA NEGREIRA**, en relación coa parcela con ref catastral **1028512NH0112N**, Lugar de Avda da Coruña (Ribeira), **DECLARAR QUE NON É NECESARIO O OUTORGAMENTO DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN**

SEGUNDO:- NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

17.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Francisco Reiriz Teira

Visto o escrito presentado por **Francisco Reiriz Teira**, de data 24/10/2025 (Registro de entrada nº 25.632), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8481101MH9088S0000WO (RÚA XUNQUEIRA 43 B-15965, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 24/10/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría o meu cargo e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8481101MH9088S0000WO (RÚA XUNQUEIRA 43 B-15965, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.



18.- PROPOSTA DE IMPLEMENTACIÓN DE MARCAS VIAIS MEDIANTE O PINTADO DE LIÑA AMARELA – Juana María Brión Santamaría

Visto o escrito presentado por **Juana María Brión Santamaría**, de data 27/08/2025 (Registro de entrada nº 20.249), no que solicita a toma de medidas (pintado de liña amarela) para facilitar manobras de tráfico á altura do nº 1 da Travesía Lagarto (Aguiño).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 27/10/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar a implementación das liñas amarelas na Rúa Vella (Aguiño), o que contribuirá significativamente a mellorar a mobilidade e seguridade vial da zona, sendo esta unha medida preventiva e correctiva ante os problemas de circulación detectados.
- O pintado das liñas amarelas se realizará en dous tramos independentes, según o sinalado no citado informe policial.

19.- RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA FAVORECER A AUTONOMÍA E ACCESIBILIDADE - ANO 2025

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado da Área de Servizos Sociais Comunitarios, Vicente Mariño de Bricio, de data 22/10/2025, relativa á resolución provisional de concesión de axudas económicas individuais para favorecer a autonomía e accesibilidade - ano 2025; achegando informe sobre o listado provisional e as baremacións obtidas polas persoas solicitantes, e na que expón:

“Á vista da subvención recibida da DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA acordo cos programas presentados na convocatoria do exercicio 2025 ao POS+social polo concello de Ribeira, como apoio fundamental para desenvolver políticas sociais que melloran a calidade de vida da veciñanza especialmente das persoas maiores, persoas dependentes, con diversidade funcional ou menores de familias en situación de vulnerabilidade, imos a por en marcha unha liña de axudas individuais para favorecer a autonomía persoal de persoas dependentes.

De conformidade coas dispoñibilidade orzamentaria, concederíanse axudas económicas co fin de facilitar a autonomía persoal, sinalando que estas axudas terán a condición de subvencións e que irán destinadas a apoiar ás persoas con axudas técnicas ou instrumentos necesarios para o normal desenvolvemento mellorando a súa calidade de vida.

Por isto dende a concellería que represento unha das propostas e esta liña de axudas co obxecto de favorecer a autonomía persoal e a accesibilidade na súa contorna das persoas dependentes e persoas con diversidade funcional.

Proponse o informe elaborado pola comisión avaliadora no que consta a listaxe provisional de persoas beneficiarias á vista das bases reguladoras e o seu límite orzamentario de 21.600 €:

Acta da Comisión Avaliadora das axudas económicas individuais para favorecer a autonomía persoal e a accesibilidade do ano 2025.

ASUNTO: Informe sobre o listado provisional e as baremación obtida polas persoas solicitantes.

Reunida nas instalacións dos Servizos Sociais do Concello de Ribeira, durante os días 6,7,8,9,10 e 20 de outubro do ano 2025, a Comisión avaliadora das axudas económicas individuais para favorecer a



autonomía persoal e a accesibilidade do ano 2025; formada polas seguintes membros:

- Secretaria: Maria Francisca Vidal Regueira, coordinadora dos servizos sociais comunitarios.
- Vogais:
 - o María Jesús López Domínguez, traballadora social.
 - o Marta Álvarez González, traballadora social.

Informa; de que unha vez examinadas as solicitudes presentadas, e en base aos criterios establecidos nas bases da convocatoria, publicadas no BOP Nº144, do xoves 31 de xullo de 2025, procédese a formular proposta de listaxe e baremación provisional”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a proposta de resolución provisional debidamente motivada, notificándose aos interesados, en cumprimento do réxime de notificacións previsto nos artigos 40 a 46 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas., e concedéndose un prazo de dez días para presentar alegacións.

Esta resolución expresa a relación provisional de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a puntuación obtida e os criterios de valoración seguidos para efectuala, así como a de desestimación provisinal fundamentada do resto de solicitudes.

Os beneficiarios provisionais deberán acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución definitiva de concesión da subvención, os certificados de que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma en que se determine regulamentariamente.

Examinadas as alegacións aducidas no seu caso polos interesados, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e, no seu caso, os criterios de valoración seguidos para efectuala.

20.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN TEMPORAL DE PASO POR ESPAZO MUNICIPAL – Juan Pego Santos

Visto o escrito presentado por **Juan Pego Santos**, de data 30/09/2025 (Registro de entrada nº 23.606), no que solicita autorización temporal de paso a través do Parque Periurbano de San Roque, para poder acceder a parcela co fin de realizar labores de limpeza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar o paso de vehículos a través do Parque Periurbano de San Roque, para poder acceder a parcela co fin de realizar labores de limpeza.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e Dinamizadora do Parque Periurbano para o seu coñecemento.



21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María del Mar Pego Santos (REVIRAVOLTA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **María del Mar Pego Santos** en representación establecemento **“Bar Reviravolta”** (Bretal - Olveira), de data 23/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.559), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“Bar Reviravolta”** (Bretal - Olveira), os días 1 e 22/11/2025; en horario de 22:00 h. a 00:00 h.

22.- AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN CURSO 2025-2026 (MODIFICACIÓNS)

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 21/10/2025, relativa ás modificacións referidas ás axudas á escolarización curso 2025-2026, co cumprimento das bases aprobadas, no que sinala:

“RENUNCIAN Á AXUDA DE COMEDOR ESCOLAR:

- *M.A.J.- (nº rexistro 14442) unha solicitude concedida de 3€/día lectivo*
- *J.Z.- (nº rexistro 12554) catro solicitudes concedidas de 3€/día lectivo por cada fillo/a.*

Solicitante, D.B.L.- (rexistro nº 14598) que aportando toda a documentación de forma correcta para ser valorado, e non figurando como tal, alega e solicita revisión do seu expediente. A comisión de valoración resolve a concesión de dúas axudas de comedor para o curso 25-26 de 3€ cada unha.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar a contía total de axudas de Comedor Escolar, curso 2025-2026, e a valorada segundo a seguinte táboa:

Contía total de comedor escolar			55706€
COLEXIO	COMEDOR	€ POR COLEXIO	TOTAL/ CURSO
A MILAGROSA	6	18,00 €	3114,00 €
CEIP ARTES	1	3,00 €	519,00 €
CEIP O GRUPO	25	77,00 €	13321,00 €
CEIPP PALMEIRA	10	35,00 €	6.055,00 €
BAION	20	64,00 €	11.072,00 €
EEII A CAPELA	2	6,00 €	1.038,00 €
GALAXIA	26	86,00 €	14878,00 €
PE DO CORNIÑO - CARREIRA	1	3,00 €	519,00 €
SAGRADO CORAZON CASTIÑEIRAS	10	30,00 €	5.190,00 €
TOTAIS		101	322,00 €
			55.706,00 €



23.- SOLICITUDE DE CESIÓN PAVILLÓN DE SIRVES AO CLUB PATINAXE RIBEIRA PARA A CELEBRACIÓN DUN CAMPIONATO AMATEUR DE POR CATEGORÍAS

LOGO DE VER que Dña. María Teresa Rey Martínez, en representación do Club Patinaxe Ribeira, presenta escrito de data 19-09-2025, con número de rexistro de entrada municipal 22.672, solicitando:

"QUE SEXA CONCEDIDA AS PISTAS DO POLIDEPORTIVO DE SIRVES POR CAMPIONATO AMATEUR CATEGORIAS. CADETE A SENIOR OS DÍAS 15 E 16 DE NOVENBRO".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *"Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
3. Nos días e horarios mencionados anteriormente, non temos actividades programadas na instalación solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 27-10-25, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 27-10-2025, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a cesión das instalacións do pavillón de Sirves ao Club Patinaxe Ribeira, para a celebración dun "Campionato Amateur por Categorías", cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *"Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais"*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para os días **15 e 16 de novembro de 2025 ao longo de toda a xornada**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).



- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

24.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN –PERSONAL TÉCNICO DE DEPORTES 2026

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 27/10/2024, relativa ás “Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de Deporte en 2026, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 196 do 14/10/2025 e a “Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte 2026”, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 200 do 20/10/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Presentar a seguinte solicitude de subvención:** Convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2026 (FO106/2026), na modalidade A e por importe de 10.000€ (nos últimos anos víñase solicitando na modalidade B e por importe de 15.000€).
- **Aceptar** as bases da convocatoria cos compromisos que nela se inclúen.
- **Comprometerse** a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que realice do desenvolvemento da actividade subvencionada.
- **Autorizar** á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- **Nomear** como representante para as relacións desta entidade local coa Deputación Provincial da Coruña á Sra. Alcaldesa do Concello de Ribeira, Dña. María José Sampedro Fernández

25.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Francisco Cazador Serafín

Visto o escrito presentado por **Francisco Cazador Serafín**, de data 27/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.743), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (castañas), na porta do cemiterio de Frións (Carreira), o día 01/11/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- a) **Autorizar** a **Francisco Cazador Serafín** para a instalación dun posto de venda ambulante (castañas), na porta do cemiterio de Frións (Carreira), o día 01/11/2025.
- b) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- c) Dar traslado desta resolución á Policía Local para o seu coñecemento.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

26.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DO EVENTO “MARCHA POLO DÍA DA DIVERSIDADE FUNCIONAL” – Asociación Ambar das Persoas con Diversidade Funcional

Visto o escrito presentado por Milagros Rey Pérez en representación da **Asociación Ambar das Persoas con Diversidade Funcional**, de data 27/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.804), no que solicita autorización para a celebración dunha marcha polo Día da da Diversidade Funcional, o día 03/12/2025, en horario de 10:30 h. a 13:00 h.; solicitando así mesmo a colaboración municipal con equipo de son para realizar una lectura de manifesto na Praza do Concello (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha marcha polo Día da da Diversidade Funcional, o día 03/12/2025, en horario de 10:30 h. a 13:00 h.
- Prestar a colaboración municipal con equipo de son para realizar una lectura de manifesto na Praza do Concello (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

27.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Xefa do Servizo dos Servizos Sociais Comunitarios, María Francisca Vidal Regueira, de data 24/10/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento do programa “Vacacións en Paz 2025”.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 27/10/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención nominativa derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento do programa “Vacacións en Paz 2025”.



28.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- M.D.O.P. (RENOVACIÓN)

Vista a proposta de renovación do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Brício, de data 28/10/2025, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **M.D.O.P.**, mediante escrito de data 21/05/2025.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 29/05/2025.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 28/10/2025, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **M.D.O.P.** a renovación dunha axuda económica consistente en:

Renda Social Municipal: **450,00 €/mes**, durante seis meses

Tarxeta Alimentación Vegalsa Erosky: **150,00 €/mes**, durante seis meses.

Pago de medicación por tres meses a realizar mediante bonos.

29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas, Hostalaría.Gal (COCOLUCHE)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por Lois Alberte López garcía en representación da **Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas, Hostalaría.Gal**, e á súa vez do establecemento “Cocoluche” (Ribeira), de data 28/10/2025 (Rexistro de entrada nº 25.911), no que solicita autorización para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “Cocoluche” (Ribeira), o día 31/10/2025; en horario de 21:30 h. a 00:00 h.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:20 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

